



VENRES, 30 DE XUÑO DE 2017

[◀ ATRÁS](#) · [ACTUALIDADE](#) · [A GUÍA DE ECO](#) · [SUBSCRICIÓN](#) · [CONTACTO](#)

O ideal cos contratos e o control de horarios sería chegar a acordos, non sancionar

REDACCIÓN · O PUBLICADO O 30 DE XUÑO DE 2017 · (0)

No programa Informa realizado en 2015-2016 preguntouse aos inspectores e subinspectores de traballo de toda España sobre os dez problemas que tiña a sociedade laboral e en todas as provincias de España: nomeáronse na mesma orde o fraude no tempo de traballo e na contratación.

O presidente da CEP, Jorge Cebreiros, recordou na recente sesión de Diálogos 2020 celebrada o pasado 27 de xuño en Vigo pola Cátedra Fundación Inade-UDC para abordar este tema, que desde unha sentenza da Audiencia Nacional de decembro de 2015 xa se empezou a sancionar as empresas, "polo que as pemes non tivemos tempo de falar cos traballadores ou negociar convenios. Non tivemos tempo de reacción e isto fracturou o clima social".



"Máis do 80% da contratación parcial é irregular". O xefe de Inspección de Traballo e Seguridade Social en Pontevedra, José María Casas, e o Maxistrado Germán Serrano informaron a sobre a obrigatoriedade do control de horarios. Coincidiron en sinalar que é a mellor forma para evitar problemas e mellorar a eficiencia das empresas, pero que fai falta sensibilizar ao lexislador. A Instrucción da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social sobre a intensificación do control no tempo de traballo e horas extraordinarias, establece o rexistro obligatorio da xornada diaria independentemente das horas extraordinarias de cada traballador e non acepta como proba o horario xeral nin o cuadrante.

Germán Serrano insistía en que "hai sectores nos que as horas extra están

[LEER MÁS](#) [COMENTAR](#) [COMPARTE](#) [ENVIAR](#) [IMPRIMIR](#)

xeneralizadas e o xuriz pode partir dunha presunción, como no caso da construcción, na que se entende que se traballan 10 horas diarias". Para Germán as sentenzas de Bankia e Abanca que sintan xurisprudencia ditaminando que non é obligatorio con carácter xeral nas empresas respecto dos traballadores a xornada completa, poderían indicar que se achegan cambios lexislativos. A pesar diso, afirmou que "o control é a mellor forma pero é necesario un cambio lexislativo que estableza as regras que todos necesitamos".

Controlar os horarios

A nova Instrucción da Dirección Xeral de Traballo dิตada tras estas dúas sentenzas, establece que débense rexistar só as horas extraordinarias, excepto no caso dos traballadores a tempo parcial, dos traballadores móbiles no transporte terrestre, mariña mercante e traballadores ferroviarios, para os que si que é obligatorio levar un rexistro diario da xornada. Por tanto, "non se pode impoñer á empresa o control de horarios por parte do dos tribunais porque é unha cuestión do lexislador". Casas propuxo que debe facerse "con vontade e flexibilidade, utilizando mecanismos como as boas prácticas e a negociación colectiva, tendo en conta as diferenzas que hai entre uns sectores e outros".

As preguntas

Os presentes mostraron as súas dúbidas, e Casas afirmou que "non creo que sexan sancionadas as empresas con expedientes abertos a este respecto que se atopen en proceso de alegacións. Pero se o expediente é firme, non se poderá ir para atrás". Igualmente, indicou que entre o 1 de outubro de 2015 e o 1 de outubro de 2016 transformáronse 2.000 contratos de traballo en 400 empresas sen impoñer sancións.

Un dos asistentes fixo referencia a que a implantación do control de horarios podería fracturar o bo clima laboral ao que Casas respondeu que "os códigos de boas prácticas e a negociación colectiva ofrecen posibles solucións para articular o control de horarios sen sacrificar o bo ambiente do traballo". Germán Serrano manifestou que "é importante ter en conta a fórmula que utiliza a empresa ou o sector para cómputo de horas traballadas para evitar demandas, xa que debe estar claramente establecida no convenio colectivo". Os asistentes tamén afondaron na necesidade de sensibilizar ao lexislador na cuestión e debateron sobre como o control de horarios xera tensións na negociación colectiva entre empresa e sindicatos.



[GALERÍA](#)

[COMENTAR NOTICIA](#)



Alias

Comentario

[ENVIAR >](#)